

TETRAACTOS

BOLETÍN DE DIVULGACION MATEMÁTICA LES MONÉLOS — A CORUÑA

Ano II. Boletín nº 18

Depósito legal: C 2766-2006

Marzo, 2008

Con motivo del Día Escolar de las Matemáticas

Música y Matemáticas

la Armonía de los Números

VICENTE LIERN CARRIÓN - TOMÁS QUERALT LLOPIS

12 de mayo de 2008 • Día Escolar de las Matemáticas

Feira Matemática 2008

**Participa
co teu centro
¡ Inscríbete xa !**

Feira Matemática 2008

AGAPEMA
Asociación Galega de Profesores de Educación Matemática

DÍA ESCOLAR DAS MATEMÁTICAS

Sábado, 24 de maio de 2008
PAZO DA ÓPERA DA CORUÑA
De 11:00 a 19:00 horas

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL Y EMPLEO
DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN, POLÍTICA SOCIAL E EMPLEO
CORUÑA
Ayuntamiento de La Coruña
Consejo de A Coruña

Poderás participar nos concursos:

- ACTIVIDADES MATEMÁTICAS SOBRE A TORRE DE HÉRCULES E 800 ANIVERSARIO DA FUNDACIÓN DA CIDADE.
- II CONCURSO DE FOTOGRAFÍA MATEMÁTICA.

Consulta as bases dos concursos na páxina web da Feira Matemática 2008:

www.udc.es/dep/pdce/feiramatematica.html

I CERTAME DE MAT-MONÓLOGOS

O prazo para a presentación de guións remata o:

Venres, 28 de marzo

I Certame de Mat-monólogos
IES Monelos (A Coruña)

Mat-monólogo: Dise do xénero dramático no que unha persoa reflexiona en voz alta facendo ver os seus pensamentos e emocións ao público, pero cunha temática relacionada coas matemáticas.

Pode ser sobre un matemático histórico, sobre o profesor que che inspirou ou non, cando oísteis a palabra logaritmo, sobre a regra de Ruffini, cando soan decimais nunha división ou calquera outra experiencia que vivestes relacionada coas matemáticas.

Mat monólogos

Departamento de Matemáticas
IES Monelos (A Coruña)

¡PARTICIPA!

Por que non nos contas as túas sensacións arredor das matemáticas?

¡Xa queda pouco!

Mat monólogos

DÍA ESCOLAR DAS MATEMÁTICAS

MÚSICA E MATEMÁTICAS,
A HARMONÍA DOS NÚMEROS


PAZO DA ÓPERA (A CORUÑA)
Sábado, 24 de maio de 2008
De 11:00 a 19:00 horas

PARTICIPANTES NA FEIRA MATEMÁTICA 2007

XEOMETRÍA DE PAPEL

POUSAVASOS PENTAGONAL:

Material: 1 folla DIN A4



Instruccións:

1. Metades.
 - 2,3,4,5. Catro vértices ao centro.
 5. Desdobrar os dous superiores.
 6. Pregar pola liña media.
 - 7, 8, 9. Pregar de tal forma que a liña marcada no trapezoido saia paralela ao lado da base do pentágono.
 - 10,11. Meter cara dentro.
 - 12,13. Marcar os dous lados do pentágono na cara de atrás.
 - 15,16,17,18. Desdobrar, meter cara dentro e cerrar a figura.
- (Se na metade superior da folla se imprime unha foto pode quedar mais bonito).



Alicia Pedreira

PRESENTACIÓN DA EXPOSICIÓN A MULLER, INNOVADORA NA CIENCIA NO IES MONELOS




6ª XORNADA

ENIGMÁTICAS SUMAS DE ÁNGULOS

Problema 15.


Cuestión A:

Nun rectángulo de dimensións 2×1



Cuestión B:


Nunha estrela de 5 puntas deformada



Problema 16.


Cuestión C:

Dez ángulos aspados



Cuestión D:

E agora, doce ángulos



7ª XORNADA:
FINAL

PROBLEMA 17: OUTRA CUESTIÓN DE TOLOS

Estimado participante do Open Matemático, debido a un problema co ordenador e a certa indecisión de última hora, tardei un pouco en preparar esta páxina. Pero, como di o refrán, non hai mal que por ben non veña, e o incidente doume a idea para o último problema.




Se foses *capax* de descifrar o último parágrafo, levaríaste unha *sorpress*: saberás que problema tiveron co ordenador e quen son. Como axuda teño que dicirche que a frase anterior contén dúas pistas.

Rmjptsnirms `pt jsnrñp trdirñyp- Dsñifpd- Fpto-

PROBLEMA 18: DOBRANDO ESQUINAS

Ao dobrar as esquinas dunha folla rectangular, tal e como mostra a figura, obtense un rectángulo de $9 \text{ cm} \times 12 \text{ cm}$. Que dimensións tiña a folla antes de dobrarse?



PROBLEMA 19: DIFICULTADES NO AVE

As primeiras probas co noso tren de Alta Velocidade non resultan satisfactorias. Onte, unha hora despois da saída, o conxunto detívose por un pequeno dano mecánico que os técnicos resolveron en media hora, aínda que o tren continuou a súa viaxe á metade da velocidade normal e chegou ao seu destino con dúas horas de atraso. Expertos consultados aseguran que se a avaría houberse ocorrido 100 km. máis adiante, a demora sería de só unha hora.

Que distancia percorreu o noso tren AVE na proba de onte?

PROBLEMA 20: A FESTA DO VINTE

V, E, I, N, T, E, O, P, E, N, M, A, T, E, M, A, T, I, C e O, son as iniciais das vinte persoas que acudiron ao cóctel conmemorativo dos vinte anos do Open Matemático. Alí púidose observar que:

- a primeira, Víctor, saudou a unha soa persoa;
- a segunda, Elena, saudou a dúas persoas;
- a terceira, Inés, saudou a tres persoas;
- a cuarta, Noemí, saudou a catro persoas;

.....
.....
.....



- a décimo sétima, Teresa, saudou a dezasete persoas;
- a décimo oitava, Ignacio, saudou a dezoito persoas e a décimo novena, Carlos, saudou a dezanove persoas. A cantas persoas saudou Oscar, a vixésima persoa que acudiu á festa?

Rematou a competición do XX Open Matemático 2008, despois de 6 xornadas e unha concentración que se celebrou no IES Monelos e na que participaron os centros IES Monelos e IES Mugardos. Á final non se presentaron moitos alumnos e alumnas, xa que coincidía co final da 2ª avaliación e ao día seguinte había moitos exames e outros alumnos estaban noutras actividades coma a neve ou unha viaxe a París.

No noso centro foron 41 alumnas e alumnos os que participaron, non dunha maneira constante, e a clasificación final (sobre un total de 40 puntos) foi a seguinte:

FERNÁNDEZ ROZADILLA, Atenea	2º Bach	33
RODRIGUEZ PENA, Elba	1º Bach	32
RODRIGUEZ PENA, Lara	4º ESO	32
LÓPEZ RODRIGUEZ, Daniel	2º Bach	32
CASTRO QUINTÁNS, Águeda	1º ESO	25

Desde logo que hai que dar un montón de felicitacións:

- A todos os alumnos e alumnas participantes que estiveron desde xaneiro resolvendo problemas todas as semanas.
- As primeiras clasificadas polo seu esforzo e constancia.
- Á alumna de 2º ESO, [Marina Combarro Eirís](#), que acadou un punto na [clasificación de beleza](#) na resolución de problemas nunha das xornadas.
- Aos 28 alumnos e alumnas de 2º ESO que participaron no XX Open.
- E desde logo á súa profesora, [Dna. Mª Teresa Fraga García](#) que conseguiu esta participación tan alta entre o seu alumnado.

Parabéns a todos e todas e grazas pola vosa participación.



Concentración na biblioteca do IES Monelos

José María de Labra (A Coruña, 1927 - Palma de Maiorca, 1944) estudia arquitectura e mercantil aínda que moi pronto xorden as primeiras tentativas artísticas cuns comezos figurativos que moi pronto trocan cara a abstracción xeométrica.

José María de Labra formou parte de diversas exposicións colectivas, tanto nacionais coma internacionais, e recibiu numerosos premios coma o Premio Uruguai na III Bienal Hispanoamericana ou o Gran Premio no III Festival Internacional de Cagnes-Sur-Mer.

